



Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

REGULAMENTO DE USO DO MATERIAL DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA COMARCA DE VERÍN.

ARTIGO 1. OBXECTO.

Este Regulamento ten por obxecto a regulación das condicións de utilización do material de propiedade da Mancomunidade (actualmente **stands** e **escenario** por pezas; así como calquera outro que se poida adquirir no futuro, como **carpas, cadeiras, mesas, valas, sinalizadores, paneis, quioscos informativos, mostradores, jaimas**, etc.), cón fin de obter unha óptima utilización e conservación do mobiliario e equipos.

A razón de ser deste regulamento fundaméntase basicamente na necesidade de ordenar a utilización deste material evitando conflitos en casos de coincidencia de varios solicitantes para unha mesma data; e doutra banda, regulando a súa utilización por entidades diferentes dos concellos integrantes da Mancomunidade, pero asegurando a preferencia de uso destes fronte a terceiros.

ARTIGO 2. PRELACIÓN DE USO.

A prelación para a utilización do material de propiedade da Mancomunidade enumerado no Artigo 1, é a seguinte.

1. A propia Mancomunidade de Municipios.
2. Os Concellos que a integren en cada momento
3. Calquera outra entidade con personalidade xurídica.

As entidades ás que se refire o punto 3, a modo enunciativo pero non exhaustivo, son: **asociacións culturais, recreativas, deportivas e veciñais; asociacións de comerciantes e empresarios; comunidades de montes; sindicatos e partidos políticos, con representación na corporación municipal do concello onde se vaia a usar o material ou na Asamblea da Mancomunidade de Municipios; para actos propios dos seus fins**

A Mancomunidade e os concellos que a integren en cada momento gozan de



Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

prioridade para o uso do material da Mancomunidad en calquera caso, fronte aos restantes solicitantes, nos casos de coincidencia de datas ou de material a empregar.

Os casos de peticións coincidentes para a mesma data, resolveráanse de acordo có seguinte:

- Coincidencia entre acto da Mancomunidad ou Concello có dun solicitante do apartado 2.3 (calquera outra entidade), resolverase aplicando a prelación de uso recollida nese artigo.
- Coincidencia entre acto da Mancomunidad ou Concello e do outro ou outros concellos, resolverase pola Presidencia, previa audiencia aos concellos implicados.

ARTIGO 3. UBICACIÓN, TRASLADO MONTAXE E DESMONTAXE DO MATERIAL.

En virtude do principio de colaboración administrativa, o material do que é titular esta Mancomunidad e cuxo uso se regula, atópase **depositado na nave de obras do Concello de Verín.**

É **persoal do Servizo de Obras deste Concello de Verín** o encargado do seu traslado e montaxe antes de cada evento; así como do seu desmontaxe e retorno á nave onde se deposita, tralo evento en cada caso. Isto obedece a unha dobre motivación: por unha banda, a que Mancomunidad carece de persoal de obras; e por outra a que a vida útil do material prolóngase no tempo ao ser manipulado sempre polo mesmo persoal.

Consecuentemente, a utilización de material nunha data ou datas concretas, levará aparellada como mínimo o **día inmediatamente anterior** (para o **traslado e montaxe**) e o **día inmediatamente posterior** (para o **desmontaxe e retorno** ao depósito)

ARTIGO 4. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.

Todos os interesados en facer uso del material público antes mencionado deberán presentar unha solicitude nas oficinas da Mancomunidad, en horario de 9.00 a 14.00 h; ou mediante algunha das restantes formas que determina o artigo 16.4 da **Lei 39/2015**, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das



Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

Administracións Públicas; sendo necesario neste caso comunicar a remisión da instancia vía correo electrónico ao enderezo electrónico da Mancomunidade: mancomunidade@verin.gal

4.1 A **solicitud** presentarse cunha **antelación mínima de 7 días naturais** á data de utilización do material a empregar.

Á instancia segundo o modelo que figura como **ANEXO I** deberá describir, en todo caso, os seguintes apartados:

- a) **Identificación** do solicitante.
- b) **Data** ou datas para as que se solicite o material.
- c) Descrición da **actividade**.
- d) Descrición do **material** que se necesita e seu **número** exacto.
- e) **Municipio** e **lugar** onde se empregará o material.

4.2 a **documentación** a presentar polas entidades as que se refire o Artigo 2.3 do regulamento será:

- a) **Copia** da preceptiva **autorización** par a realización do evento. (Corresponderá en cada caso á entidade usuaria solicitar e obter das autoridades competentes, as autorizacións preceptivas exixibles)
- b) **Copia** da **póliza de responsabilidade civil** en vigor e certificado de cobertura do evento en cuestión.
- c) **Resgado** acreditativo do **ingreso** na conta da Mancomunidade da **FIANZA** determinada no Artigo 6.

ARTIGO 5. PROCEDEMENTO DE OUTORGAMENTO DO USO DO MATERIAL.

As solicitudes de uso de material serán atendidas polo seu **orde de entrada no rexistro; coa prelación de uso recollida no artigo dous**.

Consecuentemente, as causas de denegación de uso do material son:



Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

a) Falla de posibilidade por concesión de uso para a mesma data solicitada (ou inmediata á mesma, Artigo 3)

b) Actos impropios dos fins das entidades do Artigo 3; é dicir, en ningún caso farase cesión de material para actos privados tales como: bautizos, bodas, comunións ...

ARTIGO 6. FIANZA E DEMÁIS OBRIGAS DOS USUARIOS.

Son **obrigas dos usuarios** as seguintes:

5.1 Depositar na conta que sinale a Mancomunidade de entre as da súa titularidade, unha **fianza mínima de 250,00 euros** para responder dos posibles danos, averias, sustraccións ou perda do material do que se outorgue seu uso.

A fianza será devolta unha vez finalizado o acto para o que se outorgou o uso do material, caso de non existir danos ou desperfectos. No caso de habelos, a Mancomunidade procederá á súa valoración e notificación ao usuario para a liquidación dos mesmos, se superan a contía da fianza depositada se lle requirirá a diferenza existente polo procedemento legalmente establecido

5.2 Asumir a **responsabilidade da custodia** do material desde o momento en que esta quede instalado no lugar de que se trate polo persoal de Obras do Concello de Verín, ata o momento en que ese mesmo persoal o desmonte e retire.

5.3 Asumir a **obriga de indemnizar á Mancomunidade polos posibles danos**, averias, sustraccións ou perda do material do que se outorgue seu uso, durante o período sinalado no apartado anterior.

5.4 **Facer un uso axeitado** do material entregado, conservándoo en condicións óptimas.

5.5 En ningún caso se poderá ceder o material cedido pola Mancomunidade a terceiras persoas, nin total nin parcialmente.

5.6 **Comunicar cualquier tipo de desperfeto** ou dano que se puidera causar durante o desenvolvemento da actividade.

Os Concellos quedan exentos da obriga recollida no apartado 5.1 por canto coas respectivas pólizas de responsabilidade civil municipal quedarán cubertos en calquera



Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

caso tanto os eventos organizados polos concellos, como os posibles danos ao material da Mancomunidade que estes empreguen.

ARTIGO 7. INDEMNIZACIÓNS AO PERSOAL DO CONCELLO DE VERÍN ENCARGADO DOS TRASLADOS, MONTAXE E DESMONTAXE DO MATERIAL CEDIDO.

Os **Concellos** integrantes da Mancomunidade, agás o de Verín, **asumen a obriga de indemnizar** con cargo aos seus fondos (practicando se procede, a correspondente retención de IRPF), **ao persoal de Obras do Concello de Verín**, que realice os traslados, montaxe e desmontaxe do material; en concepto de **asistencia técnica**, de igual xeito que indemnizan por razón do servizo a persoal de outras administracións pola participación en tribunais de selección de persoal ou mesas de contratación.

Os **Concellos**, agás o de Verín, **asumen esta obriga tanto para as actividades que eles mesmos organicen, como para as** organizadas por entidades das do Artigo 2.3 **que se desenvolvan no seu término municipal.**

A estes efectos, o Concello de Verín remitirá á Mancomunidade un informe do Concelleiro responsable indicando en cada caso: nome e apelidos e categoría profesional do persoal actuante, así como as datas de traballo.

A Mancomunidade comunicará os datos oportunos ao concello interesado que de acordo có **Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo** (BOE núm. 129, do 30.05.202) e en concepto de **comisións de servizo con dereito a indemnización**, segundo o Artigo 3 de dito Real Decreto

Os importes a aboar aos traballadores do Concello de Verín, serán os que se regulan no **Real Decreto 462/2002**, segundo o seguinte:

- Criterio do Artigo 12.1. **Comisións inferiores a un día natural**: 50 por 100 do importe da dieta por manutención: 14,10 euros.
- Criterio do Artigo 30.2. **Sábados ou días festivos**: as contías increméntanse nun 50 por 100 sobre o seu importe: 21,15 euros.
- Clasificación do persoal a estes efectos: O persoal queda clasificado no **Grupo 3**: (persoal dos grupos C, D e E e calquera asimilado aos anteriores)



Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

- Dada a especial adicación e dispoñibilidade que representan para os traballadores de obras do Concello de Verín a encomenda destes traballos, e tendo en conta que o habitual é que a montaxe se realice pola tarde, fora da súa xornada de traballo; establécese un **coeficiente multiplicador de 2,00**, sobre as cantidades anteriores.

- Importe das indemnizacións, de acordo có seguinte cadro resumo:

CONCEPTO	IMPORTE					
	DÍA LABORABLE			SÁBADO OU FESTIVO		
Dieta do día do traslado e montaxe	14,10 €	x 2	28,20 €	21,15 €	x 2	42,30 €
Dieta do día do desmontaxe e regreso	14,10 €	x 2	28,20 €	21,15 €	x 2	42,30 €
Total ambos días	28,20 €	x 2	56,40 €	42,30 €	x 2	84,60 €

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e previo cumprimento do prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.



Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

ANEXO I MODELO DE SOLICITUDE

DATOS DO SOLICITANTE	
NOME E APELIDOS	
Núm.DNI	
ENDEREZO	
EN REPRESENTACIÓN DE	
CIF	
DATOS DA ACTIVIDADE	
DATA/S	
LUGAR E CONCELLO	
DESCRICIÓN	
MATERIAL SOLICITADO	
DOCUMENTACION (Só no caso de entidades do Artigo 2.3 do regulamento)	
	Copia da preceptiva autorización par a realización do evento. (Corresponderá á entidade usuaria solicitar e obter as autorizacións preceptivas exibibles)
	Copia da póliza de responsabilidade civil en vigor e certificado de cobertura do evento en cuestión
	Resgardo acreditativo do ingreso na conta da Mancomunidade da FIANZA determinada no Artigo 5.
Lugar e data	
Sinatura / sinatura electrónica	
Sr. Presidente da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín	

O SECRETARIO-INTERVENTOR

documento asinado dixitalmente á marxe

Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

Calle do Cancelón, 1, Verín. 32600 (Ourense). Tfno. 988414600. Fax: 988 592085